

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº 201100007787
07/07/2011 10:05:31

**INSTRUCCIÓN XERENCIAL POLA QUE SE ESTABLECE
O PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA O
PAGAMENTO DE MANUTENCIÓN AO PERSOAL
DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL**

O Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (DOG de 25/06/2001, modificado a través do Decreto 144/2008 de 18 de xullo), establecen as normas básicas para o pagamento de indemnizacións por razón de servizo ao persoal ao servizo das administracións públicas.

A disposición adicional oitava do R.D. 462/2002 titulado "Indemnización, dentro do termo municipal, dos condutores de altos cargos" sinala:

"1.- O persoal que desempeñe cometidos especiais como condutores ao servizo de altos cargos con motivo dos desprazamentos destes, dentro do termo municipal no que radica a súa residencia oficial, terá dereito a percibir a correspondente indemnización por gastos de manutención unha vez xustificadas documentalmente con factura expedida polo establecemento que preste os correspondentes servizos, que deberá ser asinada de conformidade polo propio alto cargo ao que estea adscrito o persoal de referencia en cada caso, acreditando, ademais, que os gastos se teñen realizado como consecuencia do exercicio da súa labor de condutor.

2.- O importe dos gastos que teñan que ser indemnizados segundo dito réxime de resarcimento será, como máximo, o equivalente ao 50 % da contía establecida como dieta de manutención do grupo de clasificación correspondente que, excepcionalmente, poderá elevarse ao 100% cando a prolongada duración dos desprazamentos esixe efectuar xantar e cea"

No caso da Universidade de Vigo o acordo asinado pola Xerencia da Universidade e os comités de empresa reflicten a consideración especial que ten a xornada de traballo dos condutores asignados ao Reitor que, de acordo co artigo 56 dos Estatutos da Universidade de Vigo é "a máxima autoridade da Universidade de Vigo e desempeña a súa representación".

O desenvolvemento das actividades propias do reitor obrigan aos condutores ao seu servizo a prestar unha especial dilixencia en canto á puntualidade na chegada aos actos e eventos e recollida unha vez concluídos. No caso da Universidade de Vigo debe entenderse que a sede dos condutores ao servizo do Reitor é a sede do Reitorado no Campus Universitario. As reunións que o Reitor debe manter no termo municipal de Vigo cuxo centro dista do Campus arredor de 12 quilómetros, fan inviable que os condutores volten a súa base na hora de xantar, se o reitor non fai o mesmo. Esta especial situación fai que sexa conveniente aplicar o previsto na disposición adicional oitava do R.D. 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

Deste xeito establécese coma criterio de traballo, no referido a esta situación, o seguinte:

- Os condutores ao Servizo do reitor poderán presentar, e seranlle aboados, gastos de manutención realizados dentro do termo municipal de Vigo, conforme o previsto na disposición adicional oitava, é dicir, xustificadas mediante factura e cos máximos previstos na citada disposición, naqueles casos nos que o Servizo ao reitor faga inviable a volta á sede do reitorado.
- Se o desprazamento que motiva a indemnización se produce fóra de Vigo se aboará o importe correspondente ao 50 % da indemnización por manutención correspondente a súa categoría se o regreso da comisión é posterior á finalización da súa xornada de traballo e o 100 % se a duración do desprazamento esixe efectuar almorzo e cea, sen necesidade de xustificación mediante factura.
- A xustificación destes gastos deberá ser conformada pola Xerencia da Universidade, previa xustificación da necesidade de gasto por parte do condutor.

Para os efectos de clarificar a situación do resto do persoal do Parque Móbil e atendendo á normativa en vigor establécese os seguintes criterios de traballo, a tal efecto:

- Só no caso en que o desprazamento que motiva a indemnización se produce fóra de Vigo ou Ourense, segundo o seu posto de traballo, se lles aboará o importe correspondente ao 50 % da indemnización por manutención correspondente a súa categoría se o regreso da comisión é posterior á finalización da súa xornada de traballo e o 100 % se a duración do desprazamento esixe efectuar almorzo e cea, sen necesidade de xustificación mediante factura.
- A xustificación destes gastos deberá ser conformada polo Responsable do Parque Móbil, previa xustificación da necesidade de gasto por parte do condutor.



Vigo, 7 de abril de 2011

O Xerente

Asdo. Manuel Fernandez Jauregui

SR. RESPONSABLE DA UNIDADE DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO